

Área: Comité Arbitral

Circular nº 15 - Temp. 23/24

ACLARACIÓNS STAFF TÉCNICO

A continuación detallamos as posibilidades que se poden dar á hora de indicar nunha acta de encontro as distintas funcións dos staff técnicos en cada categoría, nas competicións autonómicas, sempre e cando estén validados/as nos equipos.

ADESTRADOR CON TITULACIÓN NIVEL 0 (PRÁCTICAS)

- ✓ Habilita para ser adestrador/a en prebenxamín e alevín.

ADESTRADOR CON TITULACIÓN NIVEL I (MONITOR)

- ✓ Habilita para ser adestrador/a en prebenxamín, alevín, infantil e cadete.
- ✓ Para ser axudante de adestrador/a, ademais das categorías anteriores en xuvenil.
- ✓ Oficial de equipo en calquera categoría sempre que estea en cota adicional.
- ✓ Delegado de campo en calquera categoría sempre que estea en cota adicional.

ADESTRADOR CON TITULACIÓN NIVEL II (AD. TERRITORIAL) OU SUPERIOR

- ✓ Habilita para adestrador en calquera categoría.
- ✓ Para ser axudante de adestrador en calquera categoría desde cota adicional
- ✓ Oficial de equipo en calquera categoría desde cota adicional.
- ✓ Delegado de campo en calquera categoría desde cota adicional.

OFICIAL

- ✓ Habilita para exercer de oficial de equipo dende cota principal ou adicional.
- ✓ Delegado/a de campo (sempre que sexa maior de idade) dende cota principal ou adicional.

INSCRITOS EN ACTA

O número máximo de persoas inscritas nun acta que poden sentarse no banco será de catro:

- 1 Adestrador/a
- 1 Axudante de adestrador/a
- 2 Oficiais



En Vigo a 20 de outubro de 2023